



INFORMACIÓN DA “ANDAINA DOS TÚNELES DE CULLEREDO 2023”

Andaina o día 24 de setembro do 2023, en Orro - Culleredo

Proba 25 KM da I Liga Xunta de Galicia de Sendeirismo da FGM, así como na Liga Ibérica da FEDME.

Esta proba está Organizada polo Club Agrupación Deportiva e Tempo Libre A Pedrosa coa colaboración do Concello de Culleredo.

PREZOS:	FEDERADOS	NON FEDERADOS
Andaina 25 KM.	15 €	17 €
Andaina 16 Km.	13 €	15 €
Andaina 8 Km.	13 €	15 €
Menores de 14 anos	6 €	8 €

INSCRICIÓNS:

Poderán participar todas as persoas que o desexen. Os menores de 16 anos deberán ir acompañados en todo momento dunha persoa responsable maior de idade e esta firmará un documento aceptando a súa responsabilidade.

Na proba será obrigatorio levar unha lanterna ou frontal (non vale a luz do tlfno. móvil).

Unha vez feita a inscrición non se devolverá o importe desta salvo causa de forza maior, debidamente xustificada e así apreciada pola organización.

As inscricións poderanse facer ata o día 19 de setembro ás 24:00 na páxina web de Sportmaniacs.com

MEDIDAS DE SEGURIDADE:

Cóntase cun seguro de R. C.

Contarase cun seguro de accidentes da compañía Allianz para as persoas que non estean federadas.

Os federados xa contan co seguro da FGM.

Contaremos coa Policía Local e Protección Civil, así como persoal Voluntario de A.D.T.L. A Pedrosa.